

CERTIFICACIÓN

Dalmiro Núñez Méndez, secretario acumulado do Concello de Ames (A Coruña)

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 21 de abril de 2022, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

PUNTO TERCEIRO. APROBACIÓN DAS BASES DO “II CONCURSO CANTA CON AMES 2022”

EXPEDIENTE GD 3217/2022

O sector comercial é unha área básica na planificación económica e social das accións levadas a cabo dende o Concello de Ames, tanto por constituír un motor fundamental no desenvolvemento económico e, polo tanto, na creación de emprego e riqueza.

O departamento de Promoción Económica conta entre os seus obxectivos o fomento, incentivo, divulgación e fortalecemento del tecido comercial local co ánimo de converter Ames nun referente como lugar de compras na Comarca de Compostela, apostando por un comercio de calidade, innovador, creativo e en sintonía coas demandas y tendencias da sociedade actual.

A Concellaría de Promoción Económica presenta o “II CONCURSO CANTA CON AMES 2022” que nace coa intención de dinamización do sector comercial, focalizando a atracción de posibles consumidores e consumidoras nas principais rúas comerciais de Ames.

Figura no expediente informe conxunto favorable da Secretaría e Intervención municipal, (informe 76/2022)

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local previa delegación do alcalde (decreto 1376/2021), por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro. *Aprobar as Bases do “II CONCURSO CANTA CON AMES 2022”, sendo o seu contido o que figura como anexo.*

Segundo. *Publicar o acordo de aprobación das bases seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), a través do envío do estrato da convocatoria á Base Nacional de Subvencións (BNS) quen o remitirá ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames.*

Terceiro. *Dar traslado deste acordo aos departamento municipais afectados aos efectos oportunos.*

Cuarto. *Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.*

ANEXO

Bases do "II CONCURSO CANTA CON AMES 2022"

PRIMEIRA.- OBXECTIVOS

O certame nace coa intención de dinamización do sector comercial. Focalizando a atracción de posibles consumidores nas principais rúas comerciais.

SEGUNDA.- PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán participar no concurso e ser beneficiario destas axudas as persoas físicas non pertencentes ao mundo profesional da música nin na actualidade, nin no pasado.

De acordo co establecido no artigo 13 da Lei 38/2033 Xeral de Subvencións, os beneficiarios dos premios non poderán estar incurso en ningún dos suposto que lle impidan obter a condición de beneficiarios.

A acreditación do cumprimento da situación de estar ao corrente de obrigacións por reintegro practícase a través dunha declaración responsable incluída na ficha de participación, declaración que tamén substituirá ás certificacións do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social de acordo co artigo 24 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

TERCEIRA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

O procedemento de concesión dos premios desta convocatoria será o de concorrencia competitiva.

CUARTA.- CATEGORÍAS

O certame divídese en catro categorías, a adscrición a cada unha dependerá da idade das persoas participantes.

Primeira categoría: persoas ata 12 anos, categoría infantil.

Segunda categoría: persoas a partir de 13 anos ata 20 anos, categoría xuvenil.

Terceira categoría: persoas a partir de 21 anos a 40 anos, categoría sénior.

Cuarta categoría: persoas a partir de 41 anos en diante, categoría súper sénior.

No caso de quedar deserta algunha das categorías o xurado poderá incrementar os participantes nas categorías restantes.

CUARTA.- FASES DO CONCURSO:

Fase de presentación: As persoas que desexen participar deben enviar un vídeo con audio, en formato Mp4 coa interpretación sen base vocal orixinal, de non máis de 1 minuto na seguinte dirección de correo electrónico amesnarua@gmail.com

A presentación das solicitudes de inscrición realizaranse dende a data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ata o 13 de xuño de 2022.

No caso de participantes menores de idade, tamén deberán asinar un permiso de participación e a cesión de dereitos de imaxe, do pai, nai ou titor legal e nos casos que así o requira a Lei, deberán asinar a solicitude de participación e a cesión dos dereitos de imaxe os dous proxenitores.

Na semana do 13 de xuño comunicáraselle, por correo electrónico, a todas as persoas que se teñen presentado, a condición de candidatos ou non candidatos para as seguintes fases.

O xurado escollerá ás persoas para cada xornada de preselección (2 xornadas), un mínimo de 5 por categoría e un máximo de 15 por categoría. De non existir 5 persoas por categoría, a categoría quedaría deserta pasando as persoas desa franxa de idade a formar parte da categoría que determine o xurado). Antes do 17 de xuño de 2022 as persoas candidatas deberán poñerse en contacto coa organización para acordar o tema a interpretar na seguinte fase na seguinte dirección de correo electrónico amesnarua@gmail.com

Fase de preselección: As preseleccións serán en 2 xornadas presenciais, unha no Milladoiro (1 de xullo) na praza Manuel Murguía e outra en Bertamiráns no Parque Ameneiral (8 de xullo).

Só se interpretará unha canción (ou segmento) en idioma galego/castelán ou inglés.

O xurado escollerá un máximo de 20 persoas seleccionadas en total por ambas xornadas, cinco por categoría. (no caso de que alguna das categorías quede deserta, o número de semifinalistas noutras categorías poderá incrementarse ata cubrir o total de 20 persoas)

O 11 de xullo publicaranse as persoas seleccionadas na páxina web do Concello de Ames www.concellodeames.gal

Antes do 17 de xullo de 2022 as persoas seleccionadas deberán poñerse en contacto coa organización para acordar o tema a interpretar na seguinte fase na seguinte dirección de correo electrónico amesnarua@gmail.com

Fase semifinial: Constará dunha única xornada presencial que se celebrará no Milladoiro na Praza Manuel Murguía o 6 de agosto, á que terán acceso as persoas clasificadas na fase de preselección, un máximo de 20 persoas en total, cada unha na categoría que lle corresponda.

Só se interpretará unha canción (ou segmento) en idioma galego/castelán ou inglés.

A duración do tema determinarase co xurado en cada caso.

O xurado escollerá, ese mesmo día, un máximo de 12 seleccionados, tres por categoría, para pasar a seguinte fase.

Antes do 17 de agosto de 2022 as persoas seleccionadas deberán poñerse en contacto coa organización para acordar os dous temas a interpretar na seguinte fase na seguinte dirección de correo electrónico amesnarua@gmail.com.

Fase final: Celebrarase de xeito presencial en Bertamiráns no Parque Ameneiral, o día 27 de agosto de 2022, unha única xornada á que terán acceso as persoas clasificadas na semifinal.

Na fase final as 12 persoas aspirantes interpretarán dous temas por participante e de diferente estilo musical.

Non poderán coincidir en temas musicais entre as persoas candidatas, de ser así, deberán chegar a acordo para non interpretar o mesmo.

Como segunda opción, será a organización a que decida o tema coincidente entre os concursantes afectados.

Será na final onde os participantes poderán interpretar os temas enteiros.

Os gañadores daranse a coñecer ese mesmo día.

As persoas participantes deben estar listos, 1 hora antes de comezar cada unha das fases presenciais que vaian superando.

O medio de comunicación coa organización será en todo momento o correo electrónico amesnarua@gmail.com

QUINTA.- PRAZOS, INSCRIPCIÓN DOS VÍDEOS E PROCEDIMENTO

A presentación das solicitudes de inscrición realizaranse dende a data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ata o 13 de xuño de 2022.

Para inscribirse no certame deberase enviar ao correo electrónico amesnarua@gmail.com a seguinte documentación:

- FICHA DE PARTICIPACIÓN, cuberta, asinada (no caso de menores de idade asinarán os/as representantes legais) e acompañada dos documentos requiridos nela. Descargarase da páxina web municipal (www.concellodeames.gal)
- VÍDEO co que se vai participar. A organización comprobará que se cumpren os requisitos e validará a inscrición a través dun correo de confirmación.

SEXTA.- XURADO E CRITERIOS DE SELECCIÓN

O xurado estará composto 4 membros nomeado por resolución de alcaldía entre profesionais do mundo da música.

O xurado avaliará os seguintes criterios: harmonía, ritmo, afinación, dominio da escena e interpretación. Tendo en conta os criterios de avaliación, cada persoa do xurado, poderá outorgar a cada participante de 1 a 10 puntos por actuación.

SÉTIMA.- PREMIOS

O xurado anunciará o día da final un gañador ou gañadora por categoría. Os premios serán os seguintes:

Por cada categoría, aos 4 gañadores ou gañadoras premiaráselle cun trofeo en recoñecemento da participación, unha cesta saudable, un vídeo profesional sobre o seu paso polo concurso, cantar nas pre badaladas, unha tarxeta valorada en 100 euros para gastar nos comercios da Asociación de Comerciantes Xuntanza de Empresarios de Ames (XEA), e unha tarxeta valorada en 100 euros para gastar nos comercios da Asociación de Empresarios Polígono Novo Milladoiro.

Aos 8 participantes que chegaran á final en cada categoría premiaráselles cun trofeo, unha cesta saudable, un vídeo profesional do seu paso polo concurso e unha tarxeta regalo valorada en 30 euros para gastar nos comercios da Asociación de Comerciantes Xuntanza de Empresarios de Ames (XEA).

OITAVA.- FINANCIAMENTO

Os premios das tarxetas, serán financiados polas entidades que se indican na base sétima que se adheriron a esta campaña.

NOVENA.- ÓRGANO COMPETENTE INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN

O órgano competente para a instrución e outorgamento dos premios será a Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO

En todo o que non se prevé de forma específica nestas bases seralle de aplicación:

- As bases de execución do orzamento do exercicio 2022.
- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 887/2003, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Calquera outra disposición normativa que sexa aplicable por razón da materia ou do suxeito.

UNDÉCIMA.- DEREITOS DE PARTICIPACIÓN, DE IMAXE E PROTECCIÓN DE DATOS

Os temas musicais deberanse acordar coa organización en cada unha das fases presenciais, asegurando uns mínimos de calidade nas actuacións de karaoke.

Non se permite ningún tipo de complemento, obxecto ou material co propósito de evitar posibles danos ou accións ofensivas cara algunha persoa presente.

Non se admiten actuacións que promovan unha mensaxe violenta, denigrante ou ofensiva.

Coa aceptación das presentes Bases as persoas participantes ceden a organización do evento todos os dereitos relativos sobre os vídeos, imaxes e audios tomados dentro do evento e relativo a este.

Estes, ao seu tempo só poden empregarse con propósito informativo e divulgativo da actividade en diferentes medios de comunicación e redes sociais.

Así todas as persoas participantes deberán asinar a cesión de dereitos de Imaxe.

No caso de participantes menores de idade, deberán asinar un permiso de participación e a cesión de Dereitos de Imaxe, o pai, nai ou titor legal. Nos casos que así o requira a Lei, deberán asinar a solicitude de participación os dous proxenitores.

No cumprimento da Lei Orgánica de Protección de Datos e Garantía de Dereitos Dixitais (LOPDGDD), o concello protexerá a intimidade, privacidade e integridade do individuo, en cumprimento do artigo 18.4 da Constitución Española.

Do mesmo xeito, regularanse as obrigas do individuo en todo o proceso de transferencia de datos para garantir a seguridade do intercambio.

A participación neste certame implica a completa aceptación das presentes bases, e as decisións do concello e do xurado designado. As datas de celebración das diferentes fases do concurso poderán ser modificadas pola organización por mor de causas climatolóxicas, debendo ser comunicado con 24 horas de antelación aos participantes seleccionados.

II CONCURSO CANTA CON AMES - FICHA DE PARTICIPACIÓN

Cando as persoas participantes sexan menores de idade, deberá cubrir e asinar esta ficha o/a representante legal.

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE

NOME E APELIDOS: _____

DNI: _____ DATA DE NACEMENTO _____

TELÉFONO: _____ E-MAIL _____

ENDEREZO POSTAL: _____

TÍTULO DA PEZA MUSICAL: _____

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE, SE O/A PARTICIPANTE É MENOR DE IDADE

NOME E APELIDOS (nai, pai ou titor/a): _____

DNI: _____ TELÉFONO: _____

E-MAIL: _____

A persoa representante constará como beneficiaria para os efectos tributarios no caso de recibir algún premio.

A persoa interesada, no caso de ser maior de idade, ou o/a representante legal, se é o caso, nos termos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, manifesta, baixo a súa responsabilidade:

1. Que coñece e acepta todo o recollido nas bases do certame.
2. Que acepta e autoriza a súa participación no certame ou a da persoa menor de idade que legalmente representa.
3. Que, de acordo co establecido no artigo 13 da Lei 38/2033 Xeral de Subvencións, non está incurso en ningún dos suposto que lle impidan obter a condición de beneficiaria.
4. Que se atopa ao corrente nas obrigas tributarias, coa seguridade social e co Concello de Ames.
5. Que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao procedemento no que se inscribe.
6. Que autoriza a publicación dos vídeos da persoa participante nas canles do Concello de Ames.
7. Que autoriza ao concello de Ames a comprobar as declaracións realizadas.

_____, ____ de _____ de _____

Asdo:

(Sinatura da persoa participante ou do/a representante legal, no caso de ser menor de idade)

Xunto con esta ficha, cuberta e asinada, debe achegarse a amesnarua@gmail.com, antes do 13 de xuño de 2022, a seguinte documentación:

COPIA DO DNI/NIE da persoa participante ou do/a representante, se é o caso.

VÍDEO: Debe xuntar un arquivo de vídeo+audio en mp4 de non mais de un minuto, no que se vexa a interpretación por parte do concursante sen a voz orixinal do tema a interpretar. A organización devolverá unha comunicación na que se confirme a participación ou non na seguinte fase presencial, despois desta primeira selección.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do alcalde, en Ames, a 21 de abril de 2022, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José Blas García Piñeiro

O secretario acumulado

(Resolución da DXAL de data 08.03.2022)

Dalmiro Núñez Méndez

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
21/04/2022 41C8C28A90F7318E4A9280D91A4A00A539099E8
21/04/2022 0FD2C3776C7B204298B5CEED09905C386F2BBDE1

POSTO DE TRABALLO:
Secretario
Alcalde

NOME:
NÚÑEZ MENDEZ DALMIRO
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2D89EBBDB4AF6E6749B7